

INFORME ACTUACIÓNS SGHN 2015



XERAL

Impartíronse 5 conferencias sobre zonas húmidas en Lodoselo (Trasmiras, Ourense), a xestión de residuos (Parlamento de Galicia), os 40 anos de SGHN (A Coruña), os retos ambientais de Galicia no século XXI (Muíños) e a contaminación por puríns na Limia (Vilar de Santos).

Desenvolvéronse 11 entrevistas en medios de comunicación, 2 para prensa escrita e 9 para radio. Asistiuse á xuntanza ordinaria do Observatorio Galego da Biodiversidade.

Presentáronse 9 escritos ás administracións sobre agricultura/gandería, relativas a 2 granxas de porcino en Lugo, 1 avícola e 2 de porcino en Ourense, e 4 de visóns americanos (1 en A Coruña e 3 en Pontevedra).

En relación co recurso auga presentáronse 10 escritos: 4 solicitando a analizar de Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos (HAPs) nos encoros, alegacións ao saneamento de Santiago de Compostela, ao proxecto de “Limpeza e acondicionamento” de dous encoros en Cariño) e ao proxecto de demolición de obstáculos no río Ulla. Ademais, respecto á bacía do Limia presentouse unha análise do estudio isotópico sobre a súa contaminación, a petición de suspensión de regadíos por seca extrema e unha denuncia por verquidos de puríns e augas residuais.

As actividades e escritos sobre biodiversidade centráronse na solicitude de prohibición da caza de *Vanellus vanellus* e *Gallinago gallinago* e sobre control na caza estival *Coturnix coturnix*. Conxuntamente con SEO e SGO, presentáronse escritos sobre a necesidade de conservar o derradeiro núcleo de cría de *Numenius arquata* en España (a do aeródromo das Rozas en Lugo), dirixidos á D.X. Conservación da Natureza, ao Ministerio de Defensa e á DG Medio Ambiente UE.

No relativo aos espazos naturais protexidos, presentáronse alegacións aos Plans de Conservación da ZEC Lagoa e areal de Valdoviño e do Monumento Natural Praia de As Catedrais, así como ao proxecto innivación artificial estación de esquí de Manzaneda (ZEC Macizo Central). Denunciáronse arroteamentos non autorizados nas veigas de Toxal e Vilaseca (ZEC Veigas Ponteliñares-ZEPA A Limia). Solicitouse a presentación do Plan para o desenvolvemento sustentable da ZEPA de A Limia e a súa zona periférica de protección. Presentouse un informe sobre a situación do P.N. das Fragas do Eume.

Por último presentáronse senllos escritos solicitando protección para os sistemas dunares tras os temporais e alegando á avaliación de impacto ambiental do dragado da ría do Burgo.

DELEGACIÓN AS MARIÑAS

Este ano o máis destacado foron os actos de celebración dos dez anos da Delegación, que podemos encadrar dentro das actividades de divulgación.

DIVULGACIÓN

- Saídas naturalistas con monitor: Monte Pindo en Carnota en marzo exercendo de guía o presidente da Asociación Monte Pindo-Parque Natural. Serra do Forgoselo en maio. Serra do Candán en novembro.
- Cursiños: Realizouse o cursiño de algas no verán con saída á praia de Arnela (Sada) e o de cogomelos (“Memorial Juan Carlos Medal”) no outono con saída a Sobrado (A Coruña).
- actos décimo aniversario da Delegación realizouse a exposición de carteis “ Un Futuro para As Brañas de Sada” , unha conferencia do presidente da SGHN sobre os corenta anos da entidade e unha conferencia sobre o humidal de Txingudi (Guipúzcoa) seguida dunha mesa redonda sobre as accións eficaces para conservar zonas húmidas.
- Reedición do DVD sobre o humidal das Brañas de Sada.

OUTROS

- Escrito de alegacións á senda fluvial Betanzos-Os Caneiros dentro do LIC Betanzos-Mandeo.
- Escrito de queixas ante o Defensor del Pueblo pola falta de información pública no proxecto de senda fluvial Betanzos-Caneiros.
- Nota de prensa para protestar polos traballos de limpeza de Augas de Galicia nas Brañas de Sada.
- Escrito a Augas de Galicia pedindo a paralización dos traballos que estaban realizando nas Brañas de Sada.
- Entrevista co alcalde para tratar diversos temas ambientais do concello.
- Ante o anuncio da licitación da fase I da obra “Regeneración ambiental de la Ría del Pedrido” pedimos a súa suspensión cautelar.
- Escrito de propostas ambientais dirixidas aos partidos políticos de Sada antes a convocatoria electoral.
- Artigo para a revista “Areal” sobre os dez anos da Delegación de As Mariñas.
- Participación no segundo maratón ornitolóxico organizado pola Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas-Terras do Mandeo”.
- Participación no censo e aves invernantes na ría de Betanzos-Ares e encoro de Cecebre.
- Inicio dos traballos de seguimento de carnívoros medianos con fototrampeo en colaboración co grupo GEAS (Grupo de Estudio dos Animais Salvaxes).
- Participación activa en tódalas actividades na Fundación Fragas do Mandeo.
- Mantemento do Facebook da Delegación con incremento constante do número de contactos.

DELEGACIÓN FERROL

ROUTEIROS no programa Ferrol, NATURALmente.

- Muiños de Esmelle
- Mina romana de Covas
- San Xurxo
- Doniños
- Brión, San Felipe
- Astronomía
- Museo

A biblioteca sae ao medio. Programa de divulgación

Unha inversión de 866,15 euros en libros e guías de campo.
Realizáronse tres saídas destinadas ó uso práctico dos libros
Ruta dos muiños
Ruina Montium de Covas
Complexo dunar e lagoa de Doniños

Charlas, conferencias e documentais

Xeoparque do Ortegá, Fran Canosa
Apicultura galega e Vespa Velutina, AGA
Expedición Malaspina, Beatriz Mouriño
Documental Mina de Corcoesto, Cora Peña
El dilema de Spallanzani, Roberto Hermida
Obradoiro de debuxo con Calros Silvar
Xeolodía 2015
Unha actividade didáctica para dar a coñecer o patrimonio xeolóxico ó público

Exposicións

Fotografía Natureza, Salvador Sánchez

- Museum, Ignacio Marín
- Natureza viva, Consuelo Martínez
- Aves, CEIDA

Escritos

Incumprimento do Plano de conservación da Frouxeira.

- Saneamento da Ría.
- Protección da píllara

OUTROS

Cumio cambio climático

POLO PLANETA, POR TI, UNHA HERDANZA RENOVABLE

Acto simbólico de todas as asociacións ambientais e concello.

Xornada de recollida de chumbos nos fondos mariños por parte da Vogalía de Mergullo

Colaboracións

- AVV de Esmelle
- Centros escolares
- Muiño do vento
- Adegas
- Verdegaia
- CEIDA
- Concello de Ferrol
- Concello de Valdoviño

DELEGACIÓN OURENSE

Informe de situación

É destacable neste ano a profundización na colaboración con outras asociacións, principalmente a Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas e o Ateneo de Ourense; tamén có Museo Arqueolóxico de Ourense; e sobre todo moi especialmente o traballo conxunto que desde hai cinco anos estase a levar coa Sección Antela de SGHN. Como traballo habitual da Delegación, destaca o seguimento diario da problemática medioambiental da provincia; a través dos medios de comunicación e dos boletíns oficiais e traslado ó resto da SGHN cando procede. Como novidade o acordo coa Universidade de Vigo para incorporar a un alumno de Ciencias Ambientais en prácticas no ano 2016. Ao longo da tempada traballouse no seguimento xeral do arborado, especialmente o urbano e o das estradas e solicitouse a inclusión de varias árbores no catálogo de árbores senlleiras de Galicia. E complementariamente ao anterior informes e preguntas sobre a utilización de herbicidas en espazos públicos.

Importante tamén a creación e mantemento do Facebook da Delegación grazas á colaboración de dúas socias. Interesante, así mesmo, a implicación de algún socio nos traballos da Delegación, principalmente na organización e participación nalgunhas excursións.

ESPAZOS

A Limia foi o espazo natural máis atendido pola Delegación con alegacións a varias explotacións gandeiras estabilizadas e á ampliación e creación de novas areeiras, reclamouse información sobre restauración

de areeiras e enviouse comunicación sobre a sanción da Comunidade Europea a dúas areeiras. Solicitouse a eliminación das pistas que cruzan as veigas de Ordes, respostouse a consulta sobre regadío en Sandiás e Xinzo e seguiu o proxecto LIFE “Regenera Limia” incluso asistindo a diversas charlas e facendo crítica de varias actuacións previstas.

En canto a outros espazos solicitouse información sobre reactivación de canteira no Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra. Alegouse ao proxecto de innivación artificial en Manzaneda, e solicitouse información sobre unha plantación no LIC Canón do Sil e de cortas que afectaron ao LIC Bidueiral de Montederramo.

ARBORADO E FLORA

A Delegación seguiu con especial atención a afección ás árbores urbanas e ás das estradas; así mesmo completou unha serie de informes para solicitar a inclusión de 6 árbores no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia. Participouse no apartado “Os homes que non amaban ás árbores” da páxina electrónica de SGHN con fotos e comentarios do maltrato ás árbores do hospital de Ourense.

Colaborouse coa Administración na erradicación da planta invasora *Ludwigia grandiflora* na Limia, informando das zonas de presenza e aportando un lugar onde poder enterrar os plantóns retirados. Continuouse a investigación da presenza de *Eryngium viviparum*, atopando novas localizacións e comunicándoas á administración.

CONTAMINACIÓN

Outra das actividades desta tempada foi a adicación a temas varios de contaminación. Ademais do enunciado para A Limia, no resto da provincia realizouse un informe para o Concello de Cualedro sobre un proxecto de construción de fosa de xurros. Denunciouse a vertedura de produtos químicos en Toén, nunha cuneta á beira do río e un vertido de entullos en Parada e Piñor que colmataron unha pequena charca.

E incrementouse a solicitude a varios organismos sobre a aplicación da lexislación a utilización de herbicidas e o uso masivo de produtos fitosanitarios en espazos públicos.

EXCURSIÓNS

Día dos Humidais. Visita por A Limia

Museo de Historia Natural e percorrido polos muíños e praia de Esmelle (Ferrol)

Día do Medio Ambiente. Cualedro, natureza e castros

Na procura do Abellaruco polo val de Pentes no LIC Pena Maseira e o Val do Cenza

Xornada micolóxica pola Limia

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

Censos de acuáticas invernantes en Ourense e colaboracións no resto de Galicia
seguimento da nidificación de *Ardea cinerea* en Valdeorras

Localización de novas poboación de *Eryngium viviparum*

Localización e informe de árbores para incluír no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia

CONFERENCIAS, CHARLAS, EXPOSICIÓNS

Un novembro polo Maasai Mara (e outros lugares de Kenya)

Incendios Forestais, nos institutos de Xinzo de Limia

Exposición: Serra do Larouco, o antes e o despois

OUTROS

Seguimento de temas varios como caza e pesca, enerxía, demografía, política, urbanismo, estradas e ferrocarril, agricultura e gandería, etc.

Continuouse a representación no Consello da Auga da CH Miño-Sil, no Comité Provincial de Caza e nos exames de cazador.

Solicitáronse os datos do aproveitamento especial do paspallás, a rola e o pombo en A Limia

Alegouse ao Plan Hidrolóxico Miño-Sil, período 2015-2021, recibindo resposta motivada aceptando varias das alegacións e rexeitando as restantes.

Recollida de novas sobre invasoras e pragas e distribución ás delegacións e seccións de SGHN; artigo sobre especies invasoras en prensa.

Entrega no Centro de Recuperación de Fauna de O Rodicio de exemplar enfermo de *Emys orbicularis* atopado nunha charca areeira de A Limia, en coordinación coa Sección de Herpetoloxía da SGHN.

seguimento continuo dos incendios forestais, con especial atención aos lumes de Palmés nas proximidades de capital e o da Serra do Larouco.

Creación e mantemento do facebook da Delegación de Ourense.

DELEGACIÓN PONTEVEDRA

Informe de Situación

Durante o ano 2015 fíxose un seguimento e atención especial ó LIC Gándaras de Budiño, realizando varias actividades en colaboración diversas asociacións e presentando varios escritos sinados conxuntamente de Verdegaia e a Asociación Herpetológica Española.

Realizouse o II Concurso de debuxo, calendario da natureza, no que practicamente duplicouse o número de colexios participantes así como as obras presentadas.

Internamente creáronse as vogalías de Botánica, Comunicación social e Gándaras, ampliando os membros da directiva e dando maior dinamismo ás actividades desenvolvidas.

ESPACIOS LIC

LIC ES1140011 Gándaras de Budiño.

Presentáronse seis escritos, en colaboración con Verdegaia e Asociación Herpetológica Española (AHE) por diversos temas.

O primeiro foi solicitando a restauración ambiental da Barreira de Orbenlle á Consellería de Medio Ambiente e sinado conxuntamente por Verdegaia, Asociación Herpetológica Española (AHE) e SGHN.

Durante 2015 empezouse o desmantelamento do ex centro interpretación Natureza Gándaras, polo que se solicitou á Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas, así como ó concello do Porriño que extremaran a atención ó tema, para garantir o menor dano posible á zona polas obras a realizar.

Por último presentáronse varios escritos por mor do Recheo explotación mineira das Gándaras 1297, expediente LU39/13, moi próximo ó LIC, polo perigo de chegada de lixiviados ó LIC, terras, etc. Os escritos foron enviados a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e OT e concello do Porriño. Escrito presentado conxuntamente con Verdegaia.

08/02/2015 Actividade de restauración ambiental na barreira de Orbenlle dentro do LIC Gándaras de Budiño

2 febreiro "Día Mundial de los Humedales" Restauración hábitats 9 asistentes

08/03/2015 Actividade Herpetolóxica nas Gándaras de Budiño.

3 marzo "Día mundial natureza" Biodiversidade: hérpetos 13 asistentes

26/04/2015 Saída Myxomycetes en Gándaras de Budiño.

22 abril "Día da Terra" 4 asistentes

24/05/2015 Inspección de primavera do Río Louro nas Gándaras de Budiño.

22 maio "Día Mundial da Biodiversidade" 14 asistentes.

20/09/2015 Inspección de outono do Río Louro nas Gándaras de Budiño. Proxecto Ríos. 26 asistentes.

En total realizáronse 53 visitas ó ZEC Gándaras de Budiño para seguimento do espazo natural, traballo de documentación e preparación de actividades (km aproximados: 2438 km). Nas actividades programadas mensualmente en 2015 houbo unha asistencia total de 147 persoas, das que participaron un total de 83 persoas diferentes.

LIC ES1140004 Complexo Ons - O Grove

Presentáronse alegacións ó proxecto de construción de instalacións náutico recreativas na Illa da Toxa, afección á fauna ornítica, bancos marisqueiros e flora acuática.

OUTROS ESPACIOS

Debido á vertido de diversos residuos, algúns deles caracterizables como industriais, presentáronse catro escritos polo recheo incontrolado no "Proxecto de restauración da Canteira Peneiriñas". Debido ó vertido do entullo e o perigo de contaminación dos acuíferos, os escritos foron presentados diante da Consellería de Sanidade, Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e OT, Consellería de Innovación, Industria e Comercio e Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

O 6/05/2015 presentouse un escrito ó Ministerio de Fomento informado da presenza de *Fallopia japonica* en estrada N-550 (Mos) nunha zona sensible para as infraestruturas e á beira dun regato.

XEIRAS NATURALISTAS

10-05-2015 Mostraxe de Myxomycetes nas Gándaras de Budiño

Mostraxe de Myxomycetes na Zona de Especial Conservación (ZEC) As Gándaras de Budiño, organizada polo Grupo Micolóxico Galego e a Sociedade Galega de Historia Natural.

22-05-2015. Co gaio do Día Europeo da Rede Natura 2000 e o Día Internacional da Diversidade Biolóxica, a SGHN organizou o pasado 24 de marzo 2015 a Inspección do Río Louro, co obxectivo de contribuír ós obxectivos de conservación da biodiversidade na Rede Natura 2000. Trátase da inspección de Primavera do PROXECTO RÍOS, organizada en colaboración con ADEGA. 14 asistentes

30/06/15. Conxuntamente e organizada pola Delegación de Ourense, Asoc. Estudos de Santa Mariña de Augas Santas e Ateneo de Ourense., visita á zona húmida "Antonio Villarino" na Limia, Serra de Larouco, Castros de Saceda e San Millán e finalizando en Medeiros para ver as laudas alí conservadas. 6 asistentes.

9-08-2015. SGHN e Biodiversidad Virtual organizaron o III Testing fotográfico de biodiversidade no espazo natural das Gándaras de Budiño. A actividade consiste en fotografar o máximo número de especies de fauna e flora dunha zona para despois contribuír coas imaxes ó Proxecto "Biodiversidad Virtual" e elaborar o Catálogo de Biodiversidade do LIC Gándaras de Budiño.

06/06/2015. Roteiros Ambientais das Gándaras de Budiño: Ruta circular dos ecosistemas: brañas, turbeiras e bosques aluviais 5 xuño "Día Mundial del Medio Ambiente" Ecosistemas 19 asistentes.

25/07/2015. Roteiros ambientais das Gándaras de Budiño: seguimento dos hábitats acuáticos do complexo de lagoas e barreiras de Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro Verán Ecosistemas 5 asistentes

10/10/2015. Día das aves nas Gándaras de Budiño.

6 outubro "Día Mundial del Hábitat" / "Día das aves" 13 asistentes.

15/11/2015. Rota das Poldras e Pontellas nas Gándaras de Budiño. 25 asistentes.

12/12/2015. Ecoloxía e patrimonio de Faro Budiño.

11 decembro "Día Mundial de las Montañas" 22 asistentes.

OUTROS

- Mantemento do facebook de SGHN Pontevedra, chegando a final de ano 2015 con 731 contactos, con picos de alcance 3.840.
- Atención a consultar ambientais de socios e non socios (2)
- Censos de aves invernantes, coa participación de 20 persoas.
- Concurso de debuxo a nivel provincial: Calendario da Natureza 2015-2016. Participación final de trece colexios e 251 participantes. Entrega de premios e diplomas e libros da SGHN para a biblioteca escolar.
- Realización dun curso de ornitoxía enfocado ós censos de aves invernantes en dúas xornadas durante o mes de decembro.
- Diversas xuntanzas por mor da construción da nova autovía A-57 Pontevedra-Ponteareas.
- Apoio público á manifestación organizada pola APDR en contra da permanencia da Celulosa de Pontevedra.

SECCIÓN ANTELA

As principais actuacións desenvolvidas durante o ano 2015 centráronse nos proxectos de mellora de hábitat.

- Humidal Antonio Villarino: "Restauración dunha parcela desaugada na antiga Veiga de Vilaseca para recuperación de especies ameazadas nos concellos de Trasmiras e Sarreaus (Ourense)". O primeiro labor foi a marcaxe das liñas mestras dos neocauces para guiar o traballo da maquinaria de extracción, unha vez marcado o terreo mediante estaquillado e liña de desbroce acometeuse a primeira fase da obra na primeira quincena do mes de abril coa dirección in situ de membros da sección para dirixir e axustar o traballo da maquinaria na creación dos novos canles de profundidade e beiras con pendentes suaves que aseguran o asolagamento temporal da parcela. Os áridos extraídos depositáronse na mesma parcela organizados por tipoloxía, para empregar a terra vexetal para cubrir as beiras das canles para facilitar a rexeneración vexetal e as condicións axeitadas para a alimentación das aves limícolas, especialmente da conícora (*V. vanellus*).

Estes traballos tiveron repercusión en dous medios de comunicación:

- La Voz de Galicia cun artigo publicado o 30/04/2015 cón título "Un plan piloto recupera en A Limia un ave en peligro de extinción"
- TVG cunha nova específica emitida o 29/05/2015 baixo o título " TVG PROYECTO VILASECA – CONÍCORA"

Coa dispoñibilidade de cartos e o outono/inverno seco, fixeron posible unha segunda actuación moi importante, a retirada de boa parte dos áridos amoreados (2 ao 5 de decembro) ata a zona das areeiras onde se acopiaron nunha parcela solicitada ao Agader/Bantegal para futuras actuacións de mellora dunha poza areeira xa explotada. O traballo completouse coa colaboración dos voluntarios para trasladar e estender a terra vexetal nas beiras dos novos canles deixando rematado aproximadamente o 80% do proxecto.

- Veiga de Gomareite: Organizouse unha nova xornada de retirada de lixo dentro dos contidos do acordo de custodia do territorio firmado entre a SGHN e un gandeiro local. O traballo foi realizado a mano polos voluntarios que actuaron en diversos puntos da veiga seleccionando e separando os diferentes materiais

dispersos pola veiga ata arrexuntar e retirar para a súa correcta xestión: 2 m³ de madeiras e leñas, 0,5 m³ de vidro e 10 m³ de entullos, plásticos e todo tipo de restos depositados na veiga. Ademais de traballos puntuais de xestión da vexetación para facilitar o acceso e extracción destes materiais e a recuperación das condicións e características propias das veigas e a retirada de 38 pneumáticos.

- Aluguer de parcelas Agader/Bantegal.

Ademais da campaña "Apadriña unha parcela", cumpríronse as obrigas có Agader/Bantegal de presentación de informes anuais e actuacións puntuais destacando as seguintes intervencións:

Colaboración có Servizo de Conservación de Ourense para os traballos de eliminación da especie exótica invasora (*Ludwigia grandiflora*) na canle de Antela e río Limia, permitindo o enterramento da biomasa retirada previa comunicación ao Agader/Bantegal

Acumulación de áridos procedentes do humedal Antonio Villarino nun predio solicitado en aluguer para mellora de hábitats no bordo dunha areeira xa explotada.

Poza dos arieiros. A parcela era unha explotación areeira antiga con rexeneración de vexetación arbustiva, o traballo realizado consistiu en eliminar a vexetación arbustiva para estudar a morfoloxía do terreo e elaborar un proxecto có obxectivo de mellorar o hábitat de *Charadrius dubius* e outras especies de limícolas. A finais de ano, acadouse un acordo de custodia do territorio coas dúas parcelas adxacentes cun empresario areeiro o que permitiu a elaboración dun proxecto máis ambicioso e complexo sobre todo pola presenza de *Eryngium viviparum* nunha destas parcelas.

A finais de 2015, dispónse de 34 parcelas en aluguer cunha superficie de 13,65 Ha.

Ademais elaborouse unha artigo para La Voz de Galicia publicado o 03/05/2015 sobre as cegoñas na comarca de A Limia e realizáronse as habituais saídas de celebración do Día dos Humedais (31/01/2015) e Na procura do Abellaruco (11/07/2015) xunto cunha especial o Día del Árbol (23/03/2015).

SECCIÓN ASTRONOMÍA E CONTAMINACIÓN LUMÍNICA

Actividades con público:

- 10 Charlas e conferencias, 3.010 persoas
- 14 actividades dentro do convenio Coñecendo o Universo, con 10 colexios e 337 persoas.
- 7 talleres dentro do programa Xogando co Sol, con 7 colexios e 217 persoas.

Actividades e escritos por temática:

- 12 artigos en Diario de Ferrol e na WEB da SGHN coas efemérides astronómicas de cada mes.
- 12 artigos en Diario de Ferrol e na WEB da SGHN con temática de Astronomía.
- 1 artigo na revista Columba sobre Astronomía.
- Entrevistas en Medios de Comunicación: 11 sobre Coñecendo o Universo, 4 sobre Xogando co Sol, Diario de Ferrol, Ferrol TV, Cadena COPE, La Opinión, Radio Culleredo, Ferrol 360, La Voz de Galicia.
- Presentáronse 10 escritos: Convenio Coñecendo o Universo, Programa Xogando co Sol

SECCIÓN ENTOMOLOXÍA

Informe de Situación

2015 foi un ano de transición entre a publicación do primeiro atlas e o depliegue de novas actividades por parte de membros da sección, caso da involucración no estudo dos lepidópteros nocturnos ou os efectos indirectos da presenza de *Vespa velutina* sobre outra fauna de insectos, caso da mortalidade que provocan as trampas non selectivas. Internamente actualizouse o protocolo de traballo do programa ESENGA

DIVULGACIÓN

Presentáronse as fichas identificativas das familias Pieridae e Papilionidae (Lepidoptera) e quedaron dispoñibles para libre descarga na páxina web. Un proxecto a continuar en incrementar nos vindeiros anos.

OUTROS

Solicitáronse as autorizacións legais para a captura de insectos e realizáronse diversas xeirás entomolóxicas por Galicia.

Atendéronse varias solicitudes de información e identificación de insectos por parte de particulares e prensa (7).

SECCIÓN HERPETOLOXÍA

Durante o ano 2015 realizáronse diversas saídas por toda Galicia cara á obtención de datos para a actualización do Atlas dos Anfibios e Réptiles de Galicia.

Unha vez acumulados os datos obtidos durante o ano 2015 aos rexistrados no período 2005-2014, hai un total de 17.167 datos totais, aos que lle corresponden 4.669 datos non repetidos (27,2%). De anfibios obtivéronse 10.494 datos, dos cales 2.580 (24,6%) foron datos non repetidos, e de réptiles 6.673 datos totais aos que lles corresponden 2.089 datos non repetidos (31,3%).

Con respecto aos anfibios, salientamos dúas cuadrículas novas de limpafontes palmado (*Lissotriton helveticus*) na parte central limítrofe das provincias de Lugo e Ourense, zona da que temos moi poucos rexistros. Concretamente, as novas cuadrículas son a PG28 (Montederramo) e a PH20 (Monforte de Lemos).

Tamén queremos salientamos, dado que é unha das especies nas que máis se reduciu o número de cuadrículas entre o anterior Atlas e este, as 7 cuadrículas novas de sapíño comadrón (*Alytes obstetricans*) na provincia de Pontevedra, especialmente na parte suroeste.

Referente aos réptiles, interesante resulta a obtención de 20 novas cuadrículas de presenza de esganzo común (*Chalcides striatus*), especialmente no suroeste da provincia de Pontevedra e no nordeste de Lugo, seguramente debido a unha maior intensidade de mostraxe.

Con respecto ás cobras queremos destacar, debido á escaseza de datos, a obtención de 10 novas cuadrículas de cobra lagarteira común (*Coronella austriaca*).

Xa ao marxe da actualización do Atlas, fixéronse as seguintes actividades:

- O día 15/02/2015 enviáronse os datos á Asociación Herpetolóxica Española (AHE) segundo o convenio asinado entre ambas entidades.
- O día 07/03/2015 recolléronse tres sapoconchos de orellas vermellas en Pontevedra e foron entregados no zoolóxico de Vigo.
- Os días 02/04/2015 e o 31/05/2015 fixéronse as dúas prospeccións anuais establecidas do Programa SARE, co que a SGHN está a colaborar coa AHE.
- O 25/04/2015 participamos nunha mesa redonda sobre as enfermidades infecciosas emerxentes no Pazo da Cultura de Pontevedra, xunto coa AHE e Adegas.
- O 11/06/2015 fíxose unha intervención na Radio Galega acerca dun afectado por picadura de víbora en Vilagarcía de Arousa.
- O día 12/12/2015 solicitáronse os permisos de captura de anfibios e réptiles á Dirección Xeral de Conservación da Natureza para o ano 2016.

Tamén temos informar dun novo cambio na nomenclatura dunha das nosas especies de cobra, trátase da cobra de colar, a anteriormente denominada *Natrix natrix* (Linnaeus, 1758), que pasa a ser *Natrix astreptophora* (López Seoane, 1884), nome dado polo naturalista galego.

Finalmente, dende a Sociedade Galega de Historia Natural, e máis concretamente dende a Sección de Herpetoloxía, queremos agradecer moi especialmente a todos e cada un dos 205 colaboradores que aportaron algún dato dende o inicio do proxecto, alá polo ano 2005, ata o ano 2015. Sen a implicación desinteresada de este extraordinario número de persoas, sería imposible realizar este traballo.

Dentro das actividades programadas para o ano 2016, está a realización de diversas saídas cara á obtención de datos para o Atlas dos Anfibios e Réptiles de Galicia. Tamén, como levamos facendo dende o ano 2009, realizaremos as dúas prospeccións anuais para o Programa SARE en colaboración coa AHE e solicitaranse os permisos de captura de anfibios e réptiles na Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

SECCIÓN MAMÍFEROS MARIÑOS

Durante o ano 2015 traballouse en dúas publicacións científicas e fixéronse análises preliminares en diversos campos:

- Sobre histoloxía ósea de zifios fósiles e anatomía funcional en colaboración con investigadores do Museo Nacional de Historia Natural de Francia e do Instituto Real de Ciencias Naturais de Bélxica. O traballo foi remitido a finais de ano á revista *Marine Mammal Science*, aceptado e está en proceso de revisión.
- Sobre sistemática, morfoloxía e biopaleoexografía de zifios fósiles en colaboración con investigadores da Universidade de Gante e o Instituto Real de Ciencias Naturais de Bélxica. O traballo pecharase en 2016 e será remitido para avaliación e publicación.
- Realizáronse investigacións preliminares sobre paleobioexografía de zifios do Mioceno de rexións do hemisferio sur en colaboración co Museo de Historia Natural de Rotterdam e o Instituto de Ciencias Naturais de Bélxica.

No mes de setembro comezouse o proceso de restauración e montaxe do esqueleto dunha candorca (*Orcinus orca*) dos fondos do MHN de Ferrol para ser incluído na sala de exposicións de bioloxía mariña. A finais de decembro o proceso estaba completado en aproximadamente un 65%. A mediados de xaneiro de 2016 o esqueleto tiña que ser terminado de montar na sala de exposicións pero non puido rematarse xa que a nova xestora do Museo non autoriza o emprazamento da nova peza na exposición polo que o proceso quedou interrompido desde principios do ano 2016.

Realizáronse traballos de conservación de pezas dos fondos do MHN que se encontraban en situación vulnerable.

MUSEO

RECOLLIDA DE ANINAIS

- 19/01/15. Veciña de Ferrol. 2 Tordos galegos. Chocaron contra a cristaleira dunha casa. Mortos
- 28/01/15. Veciña de Ferrol. 1 Chasca Morta
- 16/02/15. Veciña de Maniños. 1 Tordo Galego, atopado na estrada de Maniños. Probablemente chocou cun coche. Vivo
- 27/02/15. Veciña de Ferrol. 1 gaivota moribunda, morreu antes de que a viran a buscar. Morto
- 04/06/15. Veciño de Ferrol. 1 Corvo pequeno. Vivo
- 04/06/15. Veciña de Valdoviño. 1 Gaivota. Viva
- 09/06/15. Veciña de Ferrol. 1 Paporroibo real. Morto
- 09/06/15. Veciño de Ferrol. 1 Paporroibo Común. Morto
- 12/06/15. Veciña de Ferrol, 1 Pega. Viva

- 30/06/15. Veciño de Ferrol, 1 Gaivota. Viva
- 29/06/15. Veciño de Ferrol, 1 volantón de Merlo. Vivo
- 01/07/15. Veciño de Ferrol, 1 Xílgaro. Vivo
- 02/07/15. Veciños de Ferrol, 1 Gaivota Viva. Encontrada nas instalacións de Navantia
- 06/07/15. Veciño de Ferrol, 1 Pardal Común vivo. Encontrado en Sta María de Neda
- 11/07/15. Veciño de Ferrol, 1 polo de Gaivota con el ala rota. Viva
- 15/07/15. Veciña de Ferrol, 1 Tartaruga, a entrega porque non a pode atender. Viva
- 18/08/15. Veciño de Ferrol, 1 Polo volantón. Vivo
- 02/08/15. Veciño de Ferrol, 2 polos de pombo atopados no chan. Vivos

Total de animais: 20

EXCURSIÓNS E ACTUACIÓNS DIVERSAS

04/07/15.- Actividade Usos do Tempo e vida sostenible pola Ruta dos Miños de Esmelle. Asisten 32 persoas

09/07/15.- Excursións coa Universidade Senior da Coruña polos Muiños de Esmelle en colaboración coa Asociación de Veciños de Esmelle. Asisten 30 persoas

Total de persoas: 62

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- 08/07/15 Cadena Cope entrevista das obras do tellado e ascensor do Museo que vai a realizar el Concello
- 09/07/15 Ferrol TV entrevista das obras do tellado e ascensor do Museo que vai a realizar el Concello.
- 28/07/15 Entrevista en Televisión de Ferrol sobre as obras que se van a realizar no edificio da SGHN en Ferrol
- 15/09/15 Ferrol TV Obras no Museo (tellado e pintado)
- 25/09/15 Ferrol TV Obras no Museo
- 26/12/15:Diario de Ferrol Entrevista sobre o Incendio en Ferrol o domingo

Total de entrevistas: 8

O Museo de Historia Natural da SGHN, asina un convenio con LONDON INSTITUTE CURSO: PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL E INFORMACIÓN AO VISITANTE, para que un alumno poida realizar as prácticas no Museo do 28 do 10 ao 24 do 11.